



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 31 de marzo de 2022 (1189/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezanove horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(207).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(208).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6619/252.**

Visto o informe conxunto, de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, de data 31/03/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 23 de agosto de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo (expediente 6619-252), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 6 de marzo de 2018, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a:



## Concello de Vigo

- Lote 1, correspondente ao mantemento, limpeza e reposición dos colectores para a fracción resto, dos colectores soterrados e das papeleiras incluíndo o baleirado destas, así como o mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para estas prestacións, a empresa CONTENUR, S.L.
- Lote 2, corresponde á recollida e transporte de residuos domésticos (fracción resto, fracción orgánica e voluminosos incluídos os RAEE'S), xestión do punto limpo municipal, a limpeza urbana e de praias do Termo Municipal de Vigo e a recollida e transporte dos residuos derivados destas labores de limpeza; así como o mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións, á FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
- Lote 3, corresponde ao mantemento, limpeza e reposición dos colectores para os residuos domésticos reciclables (papel, vidro, envases e pilas), recollida e transporte dos mesmos; recollida e transporte de roupa usada e aceites vexetais; así como o mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións, tamén á mercantil FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.

Os contratos formalizáronse o 31 de marzo do mesmo ano e comezou a súa execución o día 1 de abril.

O prazo do contrato era de dous anos, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Foi obxecto de dúas prórrogas aprobadas pola XGL en datas 26 de marzo de 2020 e 25 de marzo de 2021 respectivamente. A última delas rematará o próximo 31 de marzo de 2022.

**Terceiro.-** En data 23 de decembro de 2021, a XGL acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 7645-252), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación. O anuncio de licitación deste procedemento foi publicado o 29 decembro no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

**Cuarto.-** Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.
2. UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN GESECO Y ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.U. (porcentaxe de participación na UTE ao 33,33%-33,34%-33,33% respectivamente)

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordo da mesa de contratación de 4 de marzo de 2022. Nesta mesma sesión da Mesa procedeuse a

apertura do sobre B, acordándose o seu traslado ao servizo xestor para informe técnico.

**Quinto.-** En data 25 de marzo de 2022, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais emite informe solicitando a continuidade do servizo.

**Sexto.-** En data 29 de marzo de 2022 os adxudicatarios dos lotes, durante o trámite de audiencia conferido ó efecto manifestaron a súa conformidade coa continuidade dos contratos nos mesmos termos ata a formalización do novo.

**Sétimo.-** En data 30 de marzo o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais emite un informe complementario ao citado no antecedente quinto, ampliando a xustificación da continuidade do servizo solicitada.

**Oitavo.-** En data 31 de marzo de 2022, o xefe do servizo de Limpeza emite informe solicitando ao servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato, ampliando a xustificación da mesma e indicando o prazo previsto de prórroga, o seu custe así como a aplicación orzamentaria a que deberá imputarse o pago do prezo.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Réxime xurídico aplicable**

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.



**Concello de Vigo**

**-II-**

**Da finalización do prazo do contrato de servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo**

O contrato de servizos de de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo adxudicouse a CONTENUR, S.L (Lote 1) e a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (os lotes 2 e 3), por acordo da XGL de 6 de marzo de 2018, por un prazo de dous anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 31 de marzo de 2018 e a prestación iniciouse o día 1 de abril do mesmo ano.

Finalizado o prazo inicial o contrato foi prorrogado por sendos acordos da XGL de en datas 26 de marzo de 2020 e 25 de marzo de 2021 respectivamente. A última delas rematará o próximo 31 de marzo de 2022.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse pola XGL o 23 de decembro de 2021, a XGL, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (expediente 25377-332).

Este contrato na actualidade esta en fase de valoración do sobre B.

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor rematará antes que se adxudique o novo contrato.

**-III-**

**Necesidade da prestación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para a limpeza viaria e a recollida e tratamento dos residuos urbanos.

A recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos tanto contenerizados coma dispersos, e o tratamento dos mesmos, son necesarios para a protección do medio ambiente urbano. Segundo o artigo 9.2.a da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, corresponde ás Entidades Locais, “como servizo obrigatorio, a recolleita, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios, e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido na normativa básica estatal en materia de residuos, nesta Lei, na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. A prestación deste servizo poderá levarse a cabo de forma independente ou asociada”. Estes servizos son competencias municipais obrigatorias a tenor do disposto nos artigos 25.2.l, 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases

do Réxime Local e 81.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Desprendese do normativa citada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata o inicio da execución do novo contrato, aínda en fase de adxudicación.

#### **-IV-**

#### **Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Aínda que o presente contrato estaba previsto na PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO DO ANO 2021 aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 30 de decembro de 2020 non foi posible a súa aprobación ata decembro de ese ano. De feito o anuncio de información previa, publicado no DOUE do 22 de xuño de 2021, prevía como data de licitación o día 30 de xuño dese ano.

Esta circunstancia, tal e como se deduce dos diversos informes da área xestora obrantes no expediente, derivase de que durante a tramitación do expediente, iniciado en xaneiro de 2020, diversos factores impediron unha tramitación máis áxil do expediente tales como:

- Estas actuacións previas para a iniciación do expediente de contratación se viron entorpecidas e demoradas como consecuencia da situación de pandemia internacional polo COVID 19, que provocaron fortes tensións na xestión do Servizo Municipal de Limpeza, de evidente incidencia na salubridade e saúde pública, que determinaron un retardo nestas actuacións preparatorias do novo contrato. Tal e como informa o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, no seu informe de 30 de marzo *“Coas medidas de desescalada e o Plan de Transición á Nova Normalidade se retomaron no Servizo de Limpeza os estudos técnicos e económicos para a configuración da nova contratación e se solicitaron dos servizos municipais afectados e das actuais mercantís prestadoras dos servizos de limpeza da cidade a información necesaria para a elaboración do informe proposta para o inicio do expediente ou expedientes de contratación segundo o caso, tal e como se dispuxera polo concelleiro delegado da Área de Servizos na resolución arriba citada do 16 de xaneiro de 2020”*.
- A aprobación da Lei 6/2021, do 17 de febreiro de residuos e solos contaminados de Galicia, que consonte di o citado informe *“obrigou a un estudo minucioso da mesma para determinar a incidencia no contrato e á revisión de toda a documentación elaborada ata ese momento para realizar as adaptacións procedentes; revisión que á vista da complexidade dos obxectivos do novo contrato, da súa importancia económica, pero, tamén, pola continuación das tensións no servizo pola persistencia da pandemia, determinaron que o extenso e necesariamente detallado primeiro borrador da memoria económica do contrato coa análise das vantaxes da súa*



## Concello de Vigo

*configuración como un único contrato se demorase ata o 25 de maio de 2021”.*

- A aprobación do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia polo Consello de Ministros o 27 de abril del 2021, inspirado na Axenda do Cambio climático, na Axenda 2030 e nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas, e mobilizará máis de 140.000 mil millóns de Euros. Dito Plan foi aprobado definitivamente pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021. Este plan fundamenta o desenvolvemento de catro eixos estratéxicos entre os cales se atopa o da transición ecolóxica, determinando un novo escenario no referente a ámbitos de actuación do obxecto do expediente en tramitación. Esta nova situación motivou a revisión de certos contidos dos documentos xa elaborados, co obxecto de adecuar as posibilidades de xestión deste contrato as posibilidades de captación de fondos ou subvencións no horizonte 2022/2026. Desta maneira o Concello de Vigo dun ferramenta que lle permitirá a consecución de axudas para a implantación dos obxectivos de conseguir unha mellora no proceso de transición ecolóxica que fundamenta a nova arquitectura deste expediente, e que de forma extraordinaria poda complementar o desenvolvemento deste contrato. Así o presente expediente en licitación posibilita a modificación do Plan de Investimentos en relación a posibilidade de solicitar axudas económicas que o Concello de Vigo considere. Tal e como indica o servizo xestor *“Estas modificacións foron introducidas modificando os documentos no período xuño/xullo do 2021”.*
- A complexidade e extensión do expediente que conleva que durante a fase de preparación da documentación calquera cambio a realizar na mesma implica unha labor de revisión que se dilata no tempo.
- As diversas baixas médicas por incapacidade laboral transitoria do xefe do servizo de Limpeza, responsable do contrato, durante a tramitación do expediente, relacionadas tanto nos informes do xefe do Servizo Xurídico como no do citado funcionario.

Non esquezamos que durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adjudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto, como aconteceu no presente caso polas causas citadas.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adjudicación.

2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”. No mesmo sentido recolle estes efectos o artigo 42 da vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se ben neste caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público, neste caso de prestación obrigatoria polas entidades locais, polo que procedería a súa aplicación analóxica como veremos a continuación.

Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, as causas citadas da pandemia do COVID 19, a aprobación da nova lei de residuos de Galicia e as baixas médicas do responsable do contrato.
2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este é un servizo público de obrigada prestación por esta entidade local.
3. O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 31 de marzo e o anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 29 decembro de 2021.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “obrigatoria” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou





## Concello de Vigo

ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

*«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».*

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que:

*«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)».*

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

*"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo ( o en nuestro caso, que haya expira-*

*do su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad material en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."*

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

*«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.*

*Podría acudirse a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de "prórrogas tácitas" o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».*

Aplicando analójicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

**-V-**

### **Condições da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos de limpeza e recollida de residuos, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Informa o responsable do contrato que:



## Concello de Vigo

*“Tendo en conta a actual situación na tramitación do proceso de licitación e as actuacións pendentes de desenvolver ata a adxudicación e formalización do expediente 7645/252, e tratándose dun expediente de regulación harmonizada e sometido aos posibles recursos especiais en materia de contratación, considérase oportuno estimar que o inicio deste novo contrato pode atrasarse ata o día 1 de xuño de 2022, de acordo coa seguinte previsión dos prazos para a continuidade deste expediente:*

Entrega do informe de valoración dos criterios de xuízo de valor.	Previsión: 13/04/2022
Aprobación do informe de valoración dos criterios de xuízo de valor	Previsión: 18/04/2022
Apertura de ofertas económicas	Previsión: 20/04/2022
Informe de valoración do sobre “C”	Previsión: 25/04/2022
Informe de clasificación de orden para a adxudicación (se non existes ofertas anormais ou desproporcionadas)	Previsión: 27/04/2022
Notificación resolución de clasificación e solicitude de documentación: (dez días para presentar documentación)	Previsión: 27/04/2022
Proposta de adxudicación Mesa de contratación	Previsión: 06/05/2022
Aprobación XGL adxudicación:	Previsión: 10/05/2022
Prazo para recurso especial en materia de contratación:	Previsión: 27/05/2022
Sinatura do contrato:	Previsión: 30/05/2022

*Tendo en conta os prazos indicados anteriormente, entendese que cun carácter de prudencia e entendendo que dita proposta de continuidade non debe de estenderse mas ala do tempo imprescindible para a resolución do actual contrato, e tendo como referencia que a formalización do novo contrato non estaría resolta ata a ultima semana de maio do 2022, considerase adecuado estimar o seu inicio para o primeiro día do mes de xuño -01/06/2022”.*

Para facer fronte os gastos derivados da continuidade do servizo informa que:

*“De acordo coa proposta de continuidade do actual contrato (6619/252) entendese necesaria unha ampliación máxima de 2 meses (dende o 01/04/2022*

ata o 31/05/2022), polo cal as necesidades de crédito para este período atenden aos seguintes criterios:

O prezo dos tres lotes do contrato no segundo ano da prórroga será, conforme ao indicado na cláusula 17.E.2 das FEC, o ofertado polo contratista para o segundo ano do prazo contractual.

As ofertas dos adxudicatarios foron:

**LOTE 1: CONTENUR S.L.**

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
(A) Custos totais Persoal e explotación servizos		1.807.730,45 €	1.918.265,21 €	3.725.995,66 €
3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial	Gastos xerais	180.773,04 €	191.826,52 €	372.599,56 €
	Beneficio industrial	72.309,22 €	76.730,61 €	149.039,83 €
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial		2.060.812,71 €	2.186.822,34 €	4.247.635,05 €
4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo		350.000,00 €	350.000,00 €	700.000,00 €
4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais		100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))		2.510.812,71 €	2.636.822,34 €	5.147.635,05 €
5.- IVE de aplicación		251.081,27 €	263.682,23 €	514.763,51 €
Total custo anual con IVE		2.761.893,98 €	2.900.504,58 €	5.662.398,56 €

**LOTE 2: FCC MEDIO AMBIENTE S.A.**

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
(A) Custos totais Persoal e explotación servizos		24.459.847,58 €	24.876.918,83 €	49.336.766,41 €
3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial	Gastos xerais	978.393,90 €	995.076,75 €	1.973.470,65 €
	Beneficio industrial	244.598,48 €	248.769,19 €	493.367,67 €
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial		25.682.839,96 €	26.120.764,77 €	51.803.604,73 €
4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo		500.000,00 €	500.000,00 €	1.000.000,00 €
4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais		900.000,00 €	900.000,00 €	1.800.000,00 €
Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))		27.082.839,96 €	27.520.764,77 €	54.603.604,73 €
5.- IVE de aplicación		2.708.284,00 €	2.752.076,48 €	5.460.360,48 €



## Concello de Vigo

Total custo anual con IVE	29.791.123,96 €	30.272.841,25 €	60.063.965,21 €
---------------------------	-----------------	-----------------	-----------------

### LOTE 3: FCC MEDIO AMBIENTE S.A.

Áreas de gasto:	Ano 1	Ano 2	Total contrato
(A) Custos totais Persoal e explotación servizos	1.111.985,11 €	1.123.104,96 €	2.235.090,07 €
3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial			
Gastos xerais	44.479,40 €	44.924,20 €	89.403,60 €
Beneficio industrial	66.719,11 €	67.386,30 €	134.105,41 €
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial	1.223.183,62 €	1.235.415,46 €	2.458.599,08 €
4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo	350.000,00 €	350.000,00 €	700.000,00 €
4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais	100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))	1.673.183,62 €	1.685.415,46 €	3.358.599,08 €
5.- IVE de aplicación	167.318,36 €	168.541,55 €	335.859,91 €
Total custo anual con IVE	1.840.501,98 €	1.853.957,01 €	3.694.458,99 €

Á vista do contido da proposta e que na actualidade o importe do contrato de acordo coa prorroga aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2021, contempla como prezo do contrato para cada lote o importe correspondente a súa oferta para a segunda anualidade, débese indicar que de acordo á proposta da continuidade do contrato para o prazo de dous meses como tempo imprescindible para a adxudicación da nova licitación, as necesidades de crédito deben atender a estes criterios:

a.- Non se aplica os custes vinculados á reposición de medios materias e mecánicos (nin a parte fixa, nin o incremento proposto polos adxudicatarios na súa oferta).

b.- Prezo do contrato (ano completo):

- LOTE 1: adxudicataria CONTENUR,  
importe segundo ano da prórroga: 2.405.504,57 € iva (10%) engadido
- LOTE 2: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE,  
importe segundo ano da prórroga: 28.732.841,25 € iva (10%) engadido
- LOTE 3: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE,  
importe segundo ano da prórroga: 1.358.957,01 € iva (10%) engadido

c.- Importe correspondente ao prazo de dous (2) meses:

- LOTE 1: adxudicataria CONTENUR:  
(prazo de 2 meses) 400.917,44 € con IVE
- LOTE 2: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE:  
(prazo de 2 meses) 4.788.806,88 € con IVE
- LOTE 3: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE:

(prazo de 2 meses) 226.492,84 € con IVE

TOTAL: 5.416.217,16 € con IVE

O expediente de contratación 7645/252, que se atopa en fase de adxudicación, ten aprobada a autorización de gasto por un importe máximo para o exercicio 2022 de:

		<b>Total orzamento sen IVE</b>	<b>IVE</b>	<b>total con IVE</b>
Ano 1 (*)	2022	24.957.602,19 €	2.502.921,86 €	27.460.524,05 €

O PCAP, no apartado E das FEC indica: "Se a execución do contrato se iniciase máis tarde da data prevista (1 de abril de 2022), os créditos para a execución do primeiro ano do contrato serán axustados de forma proporcional á data real do inicio, sempre dentro da anualidade correspondente, e tendo en conta o importe ofertado polo adxudicatario. Neste sentido, o prazo do contrato quedará determinado pola data para o inicio que se determine na formalización do contrato, e a súa finalización quedará sempre fixa na data do 31 de decembro do ano 2031, salvo a aprobación das prorrogas previstas. Deste xeito, o prezo do contrato quedará determinado pola parte proporcional que corresponda ás mensualidades da primeira anualidade (ano 2022), segundo o prazo real definido pola data de inicio (os meses que medien entre a data de inicio e o 31 de decembro do 2022), máis o resto das anualidades ata o día 31 de decembro do 2031. Estes importes determinaranse a partir dos importes que para cada anualidade teña ofertado o adxudicatario".

Polo exposto e ante a imposibilidade de adxudicación do actual procedemento dentro dos prazos previstos e tendo en conta a proposta de proceder a autorizar a continuidade do actual contrato para poder continuar coa actual prestación dos servizos durante o prazo necesario para a nova adxudicación, é necesario proceder a realizar os seguintes axustes sobre as cantidades retidas en relación aos 2 meses que se propón para a continuidade do actual:

1.- Anular parcialmente o gasto autorizado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de decembro de 2021 para o ano 2022, para o expediente 7645/252 para o axuste do atraso na data de inicio do contrato (2 meses), e proceder ao reaxuste da anualidade 2022 prevista de acordo cos seguintes importes :

Gasto autorizado:

		<b>Total orzamento</b>	<b>IVE</b>	<b>total con IVE</b>
--	--	------------------------	------------	----------------------



## Concello de Vigo

		sen IVE		
Ano 1	2022	24.957.602,19 €	2.502.921,86 €	27.460.524,05 €
(*)				

Calculo para a minoración do gasto polo período previsto de 2 meses:

		IVA	
Parte fixa	24.830.587,80 €	10%	27.313.646,58 €
Parte variable	10.877,90 €	10%	11.965,69 €
variable incentivo	65.105,81 €	21%	78.778,03 €
Investimento A+F	51.030,68 €	10%	56.133,75 €
(*)			
	24.957.602,19 €		27.460.524,05 €

Calculo do importe correspondente a dous meses

		IVA	
Parte fixa	5.517.908,40 €	10%	6.069.699,24 €
Parte variable	2.417,31 €	10%	2.659,04 €
variable incentivo	14.467,96 €	21%	17.506,23 €
Investimento A+F	51.030,68 €	10%	56.133,75 €
(*)			
	5.585.824,35 €		6.145.998,26 €

(\*) nos investimentos non se aplica a minoración dos dous meses

Proposta de minoración do crédito para o ano 2022 con cargo á aplicación **1622.227.99.01 "xestión-valorización integral do servizo de residuos",:**

		Total orzamento sen IVE	IVE	total con IVE
Ano 1	2022	5.585.824,35 €	560.173,91 €	6.145.998,26 €

**Reaxuste da anualidade do ano 2022 sobre o gasto autorizado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de decembro de 2021 para o ano 2022, para o expediente 7645/252."**

Consta no expediente a conformidade de CONTENUR, S.L., e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., adxudicatarias dos lotes 1, e 2 e 3 respectivamente, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

### VI- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- A continuidade de prestación do contrato dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo (expediente 6119-252) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato.*

*2º.- Anular parcialmente o gasto autorizado pola Xunta de Goberno Local o 23 de decembro de 2021 para o ano 2022, para o expediente 7645-252 de acordo cos seguintes importes:*

Gasto aprobado para 2022	27.460.524,05 €
Gasto a minorar no período entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2022	6.145.998,26 €

*3º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 7645-252, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de abril ata o 31 de maio de 2022 polo importe máximo de 5.416.217,16 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “xestión-valorización integral do servizo de residuos” e á súa bolsa de vinculación.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dezanove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez